

4.- ENGADIR UN LIBRO

Para que serve un libro?

Un libro permite crear un conxunto de páxinas cunha orde e unha xerarquía determinada. Os libros poden conter diversos tipos de ficheiros, entre eles os ficheiros multimedia, así como texto e son apropiados para presentar gran cantidade de información que pode subdividirse en seccións. O recurso libro permite crear capítulos principais e subcapítulos, pero non afonda máis; é dicir, non é posible crear un subcapítulo dentro doutro subcapítulo xa que este módulo está pensado para ser un recurso de uso sinxelo e directo. O libro non é interactivo en si mesmo, aínda que pode conter todo tipo de elementos multimedia como imaxe, vídeo, son, ligazóns internas e externas...

Como se crea un libro?

Para engadir un libro a un curso teremos que seguir pasos de sempre. No formulario que nos aparece a continuación deberemos escoller un Nome para dar título a este novo libro, así como un pequeno texto no apartado Descrición (opcional). Ademais, ao igual que co resto de recursos, podemos configurar outros parámetros como, por exemplo, a Apariencia e Restrinxir acceso.

Unha vez o libro estea creado, para engadir os capítulos e subcapítulos debemos darlle a gardar e presentar.

Título do capítulo: escribiremos o nome do capítulo ou subcapítulo.

Subcapítulo: se marcamos esta opción, estaremos creando un subcapítulo. Isto só funcionará dende que teñamos creado alomenos un capítulo.

Contido: editaremos aquí o contido, aproveitando todas as opcións do noso editor de texto de Moodle (textos, imaxes, ligazóns, multimedia...)

Unha vez creados os capítulos e/ou subcapítulos poderemos xestionalos a través da Táboa de contidos que aparece na parte superior esquerda da pantalla cando temos o noso libro aberto.



ICONAS DA TÁBOA DE CONTIDOS (xestionar un libro)	
Icona	Descrición
↓	Mover ou desprazar o elemento (capítulo ou subcapítulo) cara abaixo, a unha posición inferior.
↑	Mover ou desprazar o elemento (capítulo ou subcapítulo) cara arriba, a unha posición superior.
⚙	Editar as propiedades do elemento.
✕	Borrar (eliminar) o elemento.
👁	Ocultar o elemento.
+	Engadir un novo capítulo ou subcapítulo.